

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

EXTRACTO da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións para investimentos produtivos, incremento da eficiencia enerxética e fomento da reconversión das empresas acuícolas a fontes de enerxía renovables, e para a obtención de servizos de asesoramento de carácter técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico no ámbito da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, tramitado como expediente anticipado de gasto (código de procedemento PE205F).

BDNS (Identif.): 539380.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

(<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser persoas beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases, as empresas acuícolas segundo dispón o artigo 46 do Regulamento (UE) nº 508/2014.

Para os efectos desta orde, considerarase empresa acuícola as persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou agrupacións ou entidades sen personalidade xurídica, titulares de establecementos que se dedican á realización de actividades de acuicultura en calquera ou todas as súas fases de explotación, cría, cultivo ou reprodución, situados nas zonas terrestre, marítimo-terrestre ou marítima, que teñan as súas instalacións na Comunidade Autónoma de Galicia.

As axudas correspondentes ás modalidades A e B están dirixidas ás empresas que teñan a consideración de microempresas, pequenas ou medianas empresas, segundo a definición de peme da Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, así como as que non teñan esa consideración (grandes empresas).

CVE-DOG: rkxb3go3-rbi9-ubu9-2ex4-8psckhcurw2



As axudas correspondentes á modalidade C unicamente están dirixidas ás empresas que teñan a consideración de microempresas, pequenas ou medianas empresas.

Segundo. Finalidade

Esta orde, con código de procedemento PE205F, ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas destinadas ás seguintes accións:

1. Modalidade A: axudas destinadas á realización das actuacións que a seguir se detallan, que teñen por obxecto o fomento dunha acuicultura sustentable desde unha perspectiva medioambiental, socialmente responsable, baseada no coñecemento e competitiva (artigo 48 (alíneas: a, b, c, d, f, h) do Regulamento (UE) nº 508/2014):

a) Investimentos produtivos na acuicultura.

b) Diversificar a produción acuícola e as especies cultivadas.

c) Modernizar os centros acuícolas.

d) Melloras e modernización relacionadas coa saúde e o benestar dos animais, incluída a adquisición de equipos destinados a protexer as explotacións dos predadores salvaxes.

e) Investimentos na mellora da calidade do produto acuícola ou para incrementar o seu valor.

f) Diversificar os ingresos das empresas acuícolas mediante o desenvolvemento de actividades complementarias.

2. Modalidade B: axudas destinadas a investimentos que aumenten a eficiencia enerxética e fomenten a reconversión das empresas acuícolas a fontes de enerxía renovables (artigo 48, alínea k) do Regulamento (UE) nº 508/2014).

3. Modalidade C: axudas destinadas á obtención de servizos de asesoramento de carácter técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico, co fin de mellorar o rendemento global e a competitividade das explotacións acuícolas e reducir o impacto medioambiental negativo do seu funcionamento (artigo 49, alínea b) do Regulamento (UE) nº 508/2014).



Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións para investimentos produtivos, incremento da eficiencia enerxética e fomento da reconversión das empresas acuícolas a fontes de enerxía renovables, e para a obtención de servizos de asesoramento de carácter técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico no ámbito da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, tramitado como expediente anticipado de gasto (código de procedemento PE205F).

Cuarto. *Importe*

As axudas concederanse con cargo ás aplicacións orzamentarias que figuran no cadro que se insire dotadas no proxecto de orzamento de gastos da Consellería do Mar para o ano 2021. Os importes máximos das subvencións que se concedan nos ditos exercicios orzamentarios ascenderán ás seguintes contías:

Aplicación orzamentaria	Modalidade de axuda	Ano 2021	Ano 2022	Total
15.02.723A.772.2	Modalidade A	6.000.000,00 €	5.000.000,00 €	11.000.000,00 €
15.02.723A.772.5	Modalidade B	200.000,00 €	200.000,00 €	400.000,00 €
15.02.723A.772.6	Modalidade C	80.000,00 €	80.000,00 €	160.000,00 €

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes contado desde o día seguinte ao da publicación da orde.

Entenderase como último día do prazo para a presentación de solicitudes o correspondente ao mesmo ordinal do día da súa publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2020

Silvia Cortiñas Fernández
Secretaría xeral técnica da Consellería do Mar

